



*PROXECTO DE ORDE do ** de ***** de 2018 pola que se convoca concurso público de méritos para cubrir postos de dirección dos centros de formación e recursos e asesorías do Servizo de Formación do Profesorado, Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos*

A Xunta de Galicia, a través do Decreto 74/2011, do 14 de abril (DOG do 6 de maio), regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste decreto determínase que os centros de formación e recursos contarán cun director que será o responsable do centro e representante da Administración educativa

Para poder levar a cabo as súas funcións o Servizo de Formación do Profesorado, o Centro Autonómico de Formación e Innovación e os centros de formación e recursos contarán cun equipo de asesores e asesoras de formación, e será competencia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria determinar o número de asesores e/ou asesoras, a especialidade docente e, de ser o caso, os requisitos de formación e experiencia requiridos para o desempeño das súas funcións.

Ademais, o citado decreto establece que este persoal directivo e asesor será seleccionado mediante concurso público de méritos, entre o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas das establecidas na LOE, pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que determinará os requisitos dos candidatos e os criterios de selección.

Ao haber prazas vacantes cómpre, polo tanto, proceder a realizar a súa oferta pública para a dirección e asesorías das estruturas de formación permanente do profesorado que quedaron vacantes tras a resolución da Orde do 23 de xuño de 2016.

En consecuencia, e en uso das atribucións que ten conferidas, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1. Obxecto

Esta orde ten por obxecto convocar concurso público de méritos para a provisión dos postos de dirección dos centros de formación e recursos (CFR) e de asesorías de



formación no Servizo de Formación do Profesorado (SFP), no Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e nos centros de formación e recursos (CFR), que se relacionan no anexo II.

Artigo 2. Requisitos de participación

Poderá participar neste concurso o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que cumpran cos seguintes requisitos o 31 de agosto de 2017:

1. Contar cun mínimo de cinco anos de experiencia docente como persoal funcionario para os postos de dirección de CFR e dun ano para os postos de asesoría.
2. Aqueles que se correspondan cos requisitos das prazas que figuran no anexo II da presente orde

Artigo 3. Perfís das persoas candidatas

O perfil das direccións dos CFR e asesorías do SFP, do CAFI e dos CFR deberá responder ao dunha persoa docente coas seguintes características:

1. Unha sólida formación científica e pedagóxica e un amplo coñecemento da organización escolar, da formación permanente do profesorado, así como das funcións dos órganos dun centro educativo, do SFP, do CAFI e dos CFR.
2. Capacidade para integrarse en equipos de traballo, con dotes de organización, comunicación, dinamización de actividades e coordinación de grupos.
3. Dominio no uso e integración das tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito educativo.

Artigo 4. Solicitudes

1. As persoas que desexen participar no concurso deberán presentar unha solicitude axustada ao modelo que se recolle no anexo I.
2. As persoas que participen poderán solicitar como máximo dúas prazas das convocadas acordes co seu perfil.



3. Para cada praza solicitada cubrirase unha solicitude e con cada unha achegarase a totalidade dos documentos que se indican no artigo 5.

Artigo 5. *Documentación*

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. Unha relación asinada da documentación que se presenta, seguindo a orde que figura no Anexo III.
2. Orixinais ou copias compulsadas dos documentos acreditativos dos méritos alegados, de acordo co anexo III da presente orde.
3. Orixinal do proxecto de actuación correspondente a cada praza solicitada. O proxecto terá unha extensión máxima de dez folios, a unha soa cara, a dobre espazo e tamaño DIN-A4 e cunha letra tipo Arial, tamaño once puntos sen comprimir. O contido do proxecto axustarase ao establecido no anexo IV desta orde.

O profesorado que completou o expediente persoal no enderezo web: www.edu.xunta.es/datospersoais só deberá xuntar a documentación acreditativa dos novos méritos que alegue.

En todo caso, non se terán en conta nin se valorarán os méritos nin os servizos alegados e non xustificadas debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo ao que se refire o artigo 6.

Artigo 6. *Lugar e prazo de presentación*

O prazo para a presentación de solicitudes para tomar parte nesta convocatoria, dirixidas ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, será de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, e poderán presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificios administrativos de San Caetano, Santiago de Compostela), ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa selada e datada



polo persoal funcionario antes de ser certificada. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes e demais documentación, non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas. Non obstante o anterior, admitirase a renuncia á participación no concurso de méritos específico dentro do prazo de reclamacións á resolución provisional establecido no punto 1 do artigo 7, e entenderase que tal renuncia lle afecta a todas as peticións formuladas.

Artigo 7. *Proceso de selección*

O concurso desenvolverase en dúas fases:

1. Fase A. Valoración dos méritos alegados polas persoas que concursan, segundo o baremo indicado no anexo III. As persoas aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de tres puntos no proxecto non poderán acceder á fase B.

Finalizada esta fase, publicarase no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.es>, a relación provisional de persoas candidatas coa puntuación correspondente aos seus méritos e ao proxecto, e abrirase un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día da publicación, para que poidan formular as reclamacións que estimen oportunas. As reclamacións presentaranse de acordo co establecido no artigo 6 e ademais deberán remitirse por fax (981 546550) ou por correo electrónico (xsfp@edu.xunta.es). Transcorrido o dito prazo, e logo de consideradas as reclamacións alegadas, farase pública no mesmo lugar a relación definitiva, para cada praza convocada, das persoas que pasarán á fase B.

2. Fase B. Entrevista cos candidatos seleccionados na fase A.

A entrevista versará sobre as funcións que se desenvolverán e os contidos do proxecto de actuación presentado, tendo en conta as peculiaridades da praza a que se opta. Valorarase a viabilidade e a calidade da proposta, así como a capacidade de organizar, orientar e dar respostas innovadoras ás necesidades formativas do profesorado. Para a superación da fase B será necesario acadar unha puntuación mínima de tres puntos.



No caso de producirse empates no total de puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente, e por esta orde, á maior puntuación na fase B, nas epígrafes 2, 4 e 5 da fase A.

Finalizada esta fase, publicarase no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.es>, a relación definitiva da baremación efectuada coa indicación das persoas seleccionadas para cada unha das prazas ofertadas e, de ser o caso, das declaradas desertas. A seguir abrirase un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día da publicación, para presentar as reclamacións ou renuncias oportunas. As reclamacións presentaranse de acordo co establecido no artigo 6 e ademais deberán presentarse por fax (981 546550) ou por correo electrónico (sxftp@edu.xunta.es).

Artigo 8. Comisión de selección

1. O presente concurso será resolto por unha comisión de selección formada polos seguintes membros:

Presidente/a: a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de catro vogais, entre persoal funcionario de carreira que ocupe postos de subdirección xeral ou xefatura de servizo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou membros da Inspección educativa.

Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario ou secretaria con voz e sen voto.

Cada unha das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente poderá nomear unha persoa representante para a asistencia ás sesións da comisión con voz e sen voto.

2. A comisión poderá dispor a constitución de subcomisións técnicas para colaborar na valoración dos méritos previstos nos puntos 1, 2, 3 e 4 do baremo do anexo III. Ás reunións desta/s subcomisión/s poderán asistir persoas representantes das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.



3. Os membros da comisión e, de ser o caso, da/s subcomisión/s, estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme ó Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño) que estarán cualificadas na categoría primeira.

Artigo 9. Proposta de nomeamento

1. Logo de transcorrido o prazo de reclamacións ou renuncias establecido no artigo 7.2 desta orde, e de consideradas as mencionadas reclamacións ou renuncias, a comisión de selección elevará a proposta definitiva á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá a relación final das persoas seleccionadas ordenadas por puntuación.

A resolución definitiva publicárase no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.es>, e por ela entenderanse notificadas, para todos os efectos, as persoas concursantes ás cales afecte.

O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses contado desde o día da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, e terá efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

2. Contra a resolución da convocatoria, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet <http://www.edu.xunta.es>, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.



3. As prazas adxudicadas son irrenunciabes, salvo casos de excepcional gravidade apreciados pola Administración educativa. As persoas que resulten seleccionados por esta convocatoria serán nomeadas en réxime de comisión de servizos, e con reserva do posto de traballo de orixe, por períodos anuais, renovables ata un máximo de seis anos, e ao final de cada período anual establecerase un proceso de avaliación sobre o exercicio das súas funcións que determinará a súa continuidade ou non.

4. As prazas que non se cubran por ausencia de persoas candidatas ou aquelas vacantes que, como resultado do proceso de selección, se poidan producir finalizado este, poderán proveerse en comisión de servizos de maneira provisional, para o curso 2017-2018, por proposta da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Artigo 10. Formación inicial e continua do persoal asesor

O persoal de asesoría das estruturas de formación permanente do profesorado que resulte seleccionado deberá participar nunha acción de formación inicial que programe a dirección xeral competente en formación permanente do profesorado, que se poderá desenvolver en distintas fases.

Cada curso escolar desenvolveranse accións de formación do equipo das estruturas de formación permanente do profesorado, seguindo o protocolo de formación interna de cada centro, ou aquelas outras que programe o Servizo de Formación do Profesorado.

De quedaren prazas vacantes nos procesos de selección, o persoal que se incorpore con posterioridade á realización da formación inicial seguirá o programa de formación establecido nos procesos de acollida do SFP, do CAFI e dos CFR.

Artigo 11. Retirada da documentación

Unha vez transcorrido un mes desde a data de publicación da resolución definitiva e durante o prazo de tres meses, as persoas interesadas, ou a súa representación legal, que manifesten non ter interposto recurso contra esta resolución, poderán recoller a documentación presentada no Servizo de Formación do Profesorado, das 9.00 ás 14.00 horas.



Transcorrido o dito prazo entenderase que renuncian á súa recuperación e perderán todo o dereito sobre a citada documentación.

Artigo 12. Retribucións

Para os efectos de retribucións, en concepto de complemento específico, o persoal funcionario docente que resulte seleccionado poderá percibir o complemento específico correspondente á dirección ou asesor de CFR ou asesor técnico docente, segundo o establecido no anexo V, 2º da Orde do 15 de xaneiro de 2018 (DOG núm. 15, do 22 de xaneiro) pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2018.

Disposición adicional primeira

O CAFI e os CFR contarán cos centros colaboradores que figuran no anexo V, que facilitarán os espazos e os medios necesarios para a realización de actividades de formación e, de ser o caso, para o desenvolvemento das tarefas das persoas asesoras destinadas nos propios centros colaboradores, co fin de garantir a atención a aqueles centros educativos moi distantes do CAFI e dos CFR.

Disposición adicional segunda

1. Os requisitos para participar nesta convocatoria e os méritos que aleguen as persoas solicitantes deberán estar referidos á data de finalización do prazo de solicitudes.
2. Todos os méritos que consten no expediente do persoal participante non terán que xustificalos.
3. No que atinxe aos méritos dos apartados 2.1, 3 e 4 da fase A do baremo que figura como anexo III non se computarán as fraccións inferiores a un ano.
4. A titulación de grao valorarase como unha titulación de segundo ciclo sempre e cando non sexa a alegada para o ingreso non corpo.
5. As actividades de formación do profesorado a partir do 23 de maio deberán cumprir co establecido na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



do profesorado en Galicia (DOG n.º 96, do 22 de maio).


Disposición derradeira primeira

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, ** de ***** de 2018

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González





ANEXO

CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS PARA CUBRIR POSTOS ASESORÍAS DO SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO, DO CENTRO AUTÓNOMICO DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN E DOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS.				DOCUMENT SOLICITUDE
DATOS PERSOAIS				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		
TELÉFONO	NRP	ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO		
DATOS PROFESIONAIS				
CORPO A QUE PERTENCE		CÓDIGO CORPO		
ESPECIALIDADE		CÓDIGO ESPECIALIDADE		
DATA DE TOMA DE POSESIÓN COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA				
DATOS DESTINO				
CENTRO DE DESTINO DEFINITIVO 2016/2017		CÓDIGO CENTRO	PROVINCIA	
CENTRO DE DESTINO PROVISIONAL 2016/2017		CÓDIGO CENTRO	PROVINCIA	
PRAZA QUE SOLICITA				
ASESORÍA		LUGAR DE DESTINO		
OBSERVACIÓNS				
DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA				
☐ Relación de documentación que se presenta.				
☐ Orixinais ou copias cotexadas dos méritos alegados, de acordo co anexo III da presente convocatoria.				
☐ Orixinal do proxecto de actuación correspondente a cada praza solicitada.				
A documentación que non sexa orixinal deberá estar debidamente compulsada.				
No cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo de que os datos persoais nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os accesos rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.				
LEXISLACIÓN APLICABLE				
Orde do _____ pola que se convoca concurso público de méritos para cubrir postos de asesorías do Servizo de do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos				
SINATURA DA PERSOA INTERESADA				
Lugar e _____, _____ de _____ de _____				

**ANEXO II**

Requisitos específicos de acceso e prazas vacantes

1. Asesorías dos departamentos do CAFI.

Asesorías	Perfil	Corpo	N.º de prazas
Linguas	Lingua Galega	511-512-590-592-597	1
	Lingua Francesa, Portuguesa, Italiana, Alemana		1
Científica/tecnolóxica e social	Matemáticas, bioloxía e xeoloxía, física e química, debuxo e tecnoloxía	511-590	1
Coordinación actividades centralizadas	Competencia interdisciplinar e capacidade para o impulso e xestión do cambio. Experiencia na organización e xestión de proxectos e programas, así como na coordinación de grupos.	Todos os corpos	1
Tecnoloxías da información e comunicación	Competencia en TIC no nivel de usuario avanzado (experiencia como coordinador/a, dinamizador/a TIC, relator/a en cursos, titor/a de formación en liña, premios TIC, etc.)	Todos os corpos	5
Formación e Innovación (Internacionalización)	Actitude e competencia para impulsar procesos de investigación-acción, tanto para a produción de coñecementos como para definir experiencias concretas de acción. Experiencia no desenvolvemento de programas de innovación e proxectos internacionais. Experiencia en dirección e xestión de procesos de formación. Coñecemento dunha lingua estranxeira cun nivel mínimo B2.	todos	1
Organización escolar e diversidade	Mestres de educación especial. PES coa especialidade de orientación educativa.	511-590-597	3
Función directiva	Experiencia en equipos directivos	511-590-597	1
Infantil e primaria	Mestres coa especialidade de infantil. Mestres coa especialidade de primaria.	597	2
Formación Profesional	Todas as familias profesionais	511-590-591	2



2. Asesorías do SFP

Área	Perfil	Corpo	N.º prazas
Asesor/a técnico/a docente en rexistro de formación.	PES con experiencia en manexo de programas informáticos, tratamento de textos, follas de cálculo, bases de datos e coñecementos de ferramentas informáticas para o tratamento de datos estatísticos.	511-590	1
Asesor/a técnico/a docente en tecnoloxías da información e comunicación.	Amplo coñecemento de ferramentas informáticas de desenvolvemento e explotación de sistemas informáticos e de comunicación. Experiencia en coordinación de grupos.	Todos os corpos	1
Asesor/a técnico/a docente en STEM	Amplo coñecemento da perspectiva STEM, a innovación e o traballo ABP, o pensamento computacional e as ferramentas informáticas educativas. Experiencia en coordinación de grupos.	Todos os corpos	1
Asesor/a técnico/a docente en formación	Conocimiento de las estructuras de formación. Experiencia no deseño e desenvolvemento de actividades de formación. Experiencia en coordinación de grupos.	Todos os corpos	1

3. Asesorías dos CFR

Área	Perfil	Corpo
Infantil e primaria	Mestre ou mestra de infantil ou primaria	597
Lingüística e social	Lingua ou sociais	511-590-597
Científica e tecnolóxica	Matemáticas, bioloxía e xeoloxía, física e química, debuxo e tecnoloxía	511-590-597
Artística e deportiva	Educación física, plástica ou música	511-513-590-591-593-594-595-596-597
Formación profesional	Todas as familias profesionais	511-590-591
Tecnoloxías da información e da comunicación	Experiencia no uso didáctico das TIC. Competencia no uso de ferramentas Web 2.0 aplicadas a bibliotecas escolares	Todos os corpos



Área	Perfil	Corpo
Linguas estranxeiras	Inglés	511-512-590-592- 597
Organización escolar e diversidade	Experiencia en equipos directivos, xefatura de departamento, coordinación de ciclo ou departamento de orientación	Todos os corpos

Nota: Códigos dos corpos.

511 Catedráticos de ensino secundario.

512 Catedráticos de escolas oficiais de idiomas.

513 Catedráticos de artes plásticas e deseño.

590 Profesorado de ensino secundario.

591 Profesorado técnico de formación profesional.

592 Profesorado de escolas oficiais de idiomas.

593 Catedráticos de música e artes escénicas.

594 Profesorado de música e artes escénicas.

595 Profesorado de artes plásticas e deseño.

596 Mestres de taller de artes plásticas e deseño.

597 Mestres.



Prazas vacantes dos CFR.

Área	CFR A Coruña	Centro colaborador	CFR Ferrol	CFR Lugo	Centro colaborador	CFR Pontevedra	CFR Vigo
Infantil e primaria		1(Vimianzo)					
Lingüística e social							1
Científica e tecnolóxica			1		1 (Burela)	1	
Artística e deportiva						1	
Formación Profesional	1						1
Tecnoloxías da información e comunicación	2		1				2
Linguas estranxeiras			1			1	2
Organización escolar e diversidade							1
Dirección CFR						1	

**ANEXO III****Baremo**

Méritos	Punto	Máximo total de puntos	Documentos xustificativos
FASE A			
1. Méritos académicos. 1.1. Título de doutor. 1.2. Por pertencer ao corpo de catedráticos. 1.3. Por cada titulación universitaria de grao superior distinta á alegada para o ingreso na función docente. 1.4. Por cada titulación universitaria de grao medio distinta á alegada para o ingreso na función docente.	1 1 0,50 0,25	3	Copia compulsada dos títulos ou certificacións
2. Experiencia en formación permanente. 2.1. Dirección ou asesoría dun centro de formación do profesorado. 2.2. Relatorios relacionados coa praza a que se opta. 2.3. Asistencia a actividades de formación relacionadas coa praza a que se opta. (Só se terán en conta certificacións emitidas polas administracións educativas ou de actividades homologadas).	0,25 por ano 0,15 por cada 10 horas 0,05 por cada 10 horas	4	Copia compulsada dos títulos ou certificacións
3. Experiencia na xestión educativa. 3.1. Dirección de centro educativo público. 3.2. Xefatura de departamento. 3.3. Coordinación de ciclo. 3.4. Membro de equipo directivo dun centro educativo público. 3.5. Desempeño dun posto de igual ou maior nivel na Administración educativa.	0,25 por ano 0,10 por ano 0,10 por ano 0,15 por ano 0,25 por ano	3	Copia compulsada do nomeamento
4. Antigüidade. 4.1. Como funcionario/a de carreira, a partir dos que se exigen como requisito.	0,20 por ano	3	
5. Proxecto.		6	O propio proxecto
FASE B			
Entrevista		6	



ANEXO IV

Contido do proxecto que deben presentar as persoas aspirantes a prazas de asesorías do SFP, CAFI e CFR

1. Asesorías de CAFI e CFR:

Proxecto de actuación: adaptación á asesoría/departamento a que se opta:

- a) Contexto do proceso de formación permanente do profesorado en Galicia.
- b) Valoración das principais liñas estratéxicas de formación permanente do profesorado no sistema educativo galego.
- c) Competencias profesionais do profesorado: definición, itinerarios formativos, seguimento e avaliación.
- d) Proposta de actuación para a praza a que se opta.
- e) Achegas persoais.

2. Asesorías do SFP:

Proxecto de actuación: adaptación á praza a que se opta de acordo co perfil que se determina no anexo II, e deberá conter os obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición a que corresponde a praza que se solicita.



ANEXO V

Centros colaboradores

- Centros colaboradores CFR Pontevedra:

Pontevedra: CIFP A Xunqueira

Vilagarcía: EOI

Lalín: IES Laxeiro; IES Ramón María Aller Ulloa

- Centros colaboradores CFR Ferrol:

Ferrol: CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro; CIFP Ferrolterra

As Pontes de García Rodríguez: IES Castro da Uz

- Centros colaboradores CFR Lugo:

Lugo: CIFP Politécnico; IES Leiras Pulpeiro

Monforte: EOI; IES Francisco Daviña Rey

Zona norte: IES Perdouro de Burela; IES María Sarmiento de Viveiro; CIFP Porta da Auga de Ribadeo

- Centros colaboradores CFR Vigo:

Vigo: IES Politécnico; CIFP Manuel Antonio

Tui: IES San Paio

Cangas: IES de Rodeira

- Centros colaboradores CFR Ourense:

Ourense: Escola de Arte Antonio Faílde

O Barco: extensión do CFR

Verín: IES Xesús Taboada Chivite

- Centros colaboradores A Coruña:

A Coruña: CIFP Ánxel Casal

Culleredo: IES Universidade Laboral

Carballo: IES Isidro Parga Pondal

Vimianzo: IES Terra de Soneira

- Centros colaboradores CAFI:

Santiago: CIFP Compostela; CIFP Politécnico; IES A Pontepedriña.

A Pobra: IES da Pobra do Caramiñal

Ribeira: CIFP Coroso